

SUPOSTO 30 - CORUÑA 2025

🕒 Tempo 2 h

1. Cite e explique os plans educativos que deberá incluír un centro educativo dentro do seu proxecto educativo e funcional segundo o Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e a orde que o desenvolve.

Plan educativo	Artigo no Decreto 150/2022	Obxectivos principais	Debe incluír
Plan de biblioteca	Artigo 29	Promover a biblioteca escolar como centro de recursos educativos, de lectura, información e aprendizaxe; fomentar intercambio entre alumnado, profesorado e familias; apoiar o plan de lectura.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: contextualización e xustificación. - Análise de contexto: situación actual da biblioteca, formación de usuarios, contribución ao currículo e fomento da lectura. - Obxectivos con indicadores. - Procedemento: seguimento, avaliación, modificación e difusión.
Plan de lectura	Artigo 29	Fomentar a aproximación á lectura e á escritura; desenvolvemento de habilidades de uso, tratamento e produción da información; apoiar adquisición das competencias clave.	Similar estrutura ao plan de biblioteca; concretado cada ano na programación anual mediante actuacións vinculadas a obxectivos de lectura e alfabetización.
Plan dixital (Plan dixital de centro)	Artigo 30	Mellorar a competencia dixital da comunidade educativa; fomentar o uso das tecnoloxías dixitais no ensino e transformar o centro nunha organización dixitalmente competente.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: contextualización e xustificación. - Análise de contexto: situación actual do uso de TIC no centro. - Obxectivos con indicadores. - Procedemento: seguimento, avaliación, modificación e, se procede, difusión.
Plan de actividades físicas e hábitos saudables	Artigo 31	Promover a práctica diaria de deporte e actividade física na xornada escolar; fomentar unha vida activa, saudable e autónoma no alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: contextualización e xustificación. - Análise de contexto: situación actual no centro respecto ao deporte, alimentación, hábitos saudables, hixiene e descanso. - Obxectivos con indicadores. - Procedemento: seguimento, avaliación e modificación, e difusión, se procede.

2. Un dos seus alumnos de 6º de Educación Infantil e a súa irmá de 5º de Educación Primaria solicitan o servizo de transporte escolar tendo o seu domicilio familiar fora da área de influencia do centro.

Cal é o procedemento a seguir para poder acceder ao transporte?

- Normativa: Real Decreto 443/2001, Decreto 65/2014, Instrución conxunta 9/2017 e Instrución 1/2025 de transporte escolar para o curso 2025/2026.
- Unha área de influencia é a delimitación xeográfica que fixa a Consellería de Educación para determinar a que centro educativo corresponde un alumno/a en función do seu domicilio habitual. Así, para que un alumno teña dereito ao transporte, o alumno debe ter o centro na súa área de influencia ou dispoñer dun ditame de escolarización forzosa, e establécese na normativa de admisión.
- Neste caso, seguindo o artigo 4 da Instrución 1/2025, non se reúnen os requisitos para ser persoas usuarias con dereito, pois non están dentro da área de influencia e tampouco hai indicio de que exista un ditame de escolarización forzosa emitido pola Administración.
- Poderán acceder como persoas non usuarias, pero só se se dan os seguintes requisitos (art. 6):
 - Que existan prazas vacantes na ruta
 - Que non se modifiquen as rutas
 - Que non se creen novas paradas
 - Que non se incremente a duración do traxecto
 - Que non sexa necesaria a incorporación dun acompañante
- Teranse en conta os criterios de preferencia para non usuarios (art. 8):
 - Entre os casos con prioridade, inclúese *o alumnado de ensino obrigatorio ou segundo ciclo de educación infantil que, por causa de proximidade xeográfica dos centros escolares, solicite a utilización do transporte dun centro distinto ao que están matriculados.*
 - Isto significa que o alumno/a de 6º de EI si estaría incluído nun criterio de preferencia.
 - A irmá de 5º de EP só tería prioridade se se considera que a proximidade xeográfica é causa xustificada (o artigo menciona "ensino obrigatorio" e Primaria forma parte del).
- O procedemento administrativo sería o seguinte:
 - a) A familia presenta solicitude no centro educativo de uso excepcional do transporte, indicando que se trata de alumnado fóra da área de influencia.
 - b) Xustificar a causa de proximidade xeográfica ou outra das causas presentes no artigo 8.
 - c) O equipo directivo debe: comprobar se hai vacantes na ruta, verificar os requisitos do artigo 6 e establecer a prelación se hai máis solicitudes que prazas dispoñibles.

- A solicitude e a xestión da praza realizaranse a través da aplicación informática "Transporte Escolar", onde o centro rexistrará os datos do alumnado e a súa situación, segundo a Instrución Conxunta 1/2025. A autorización definitiva corresponderá á Xefatura Territorial da Consellería, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos.
- Se se acepta, asignarase praza como uso excepcional, sen que isto supoña dereito automático en cursos posteriores.

Que pasaría se o alumnado non é recollido na parada? Poderían baixar sós?

- Marco legal: Instrución 9/2017
- Só o alumnado de 5º e 6º de EP, previamente autorizado pola súa familia, pode baixar só nas paradas. Existe a posibilidade de que a irmá maior de 5º de EP poida estar autorizada para levar ao irmán pequeno de Educación Infantil.
- Os autobuses esperarán como máximo 5 minutos na parada. Se o alumno/a non é recollido dentro dese tempo, o vehículo continúa o itinerario, levando consigo ao escolar non recollido.
- Acto seguido, os acompañantes do transporte contactarán coa familia mediante os teléfonos facilitados. Se non se consegue contactar, levarán ao alumno/a ata a seguinte parada da ruta ou ás dependencias da empresa, onde estará custodiado ata que o recollan ou ata que se pechen os servizos.
- Se finalmente ninguén o recolle, o alumnado será trasladado polos responsables do transporte á Policía Local ou á Garda Civil, garantindo así a súa seguridade.
- Estas medidas aseguran a protección do alumnado en situacións imprevistas, establecendo claramente os pasos a seguir para acadar a seguridade dos menores.

Se o centro dispón de comedor de xestión directa, corresponderíalles praza? Xustifique a súa resposta.

- Só os usuarios con dereito a transporte teñen prioridade para optar a unha praza no comedor escolar, polo que non terán acceso preferente ao comedor escolar (artigo 5 Instrución 1/2025).

3. O equipo de ciclo decide incorpóranse ao programa plurilingüe no segundo ciclo de Educación Infantil.

- Resolución de 31 de marzo de 2025 pola que se regula o programa Pluriinfantil para o curso 25-26.
- Terá a consideración de programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Pluriinfantil), as ensinanzas deste ciclo cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata o máximo dun terzo do horario lectivo do grupo de alumnado, conforme ao que se establece no Decreto 79/2010. Esta docencia en lingua estranxeira deberá ir dirixida a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa.

Ofrécese unha persoa como coordinadora, que requisitos debe cumprir o profesorado?

REQUISITOS DO PROFESORADO

- Preferentemente, ser especialista de Educación infantil ou habilitación correspondente e acreditar o nivel B2 (MCERL).
- Ser especialista na Lingua Estranxeira do proxecto plurilingüe en EI. Esta docencia non suporá un aumento no cadro de persoal do centro
- Ser especialista en EF ou en Música e acreditar o B2.

PROFESORADO COORDINADOR

- Coordinador nomeado pola dirección, entre o profesorado de lingua estranxeira con destino definitivo que imparta no grupo de alumnos participantes. Período 1 curso académico.
- Debe impartir a lingua obxecto nalgún dos grupos participantes.
- A persoa coordinadora do programa contará con redución dunha hora no seu horario.

Que compromisos ten que adquirir?

- Impartir o proxecto plurilingüe en EI en lingua estranxeira
- Participar nunha sesión semanal de seguimento e coordinación convocada pola persoa coordinadora, xunto co profesorado de linguas estranxeiras que participe no programa.
- Colaborar na elaboración da programación de contidos e actividades e da memoria final anual
- Participar nas actividades de formación e coordinación entre centros.

Ademais, o centro desexa contar cunha persoa auxiliar de conversa. Explique as súas funcións.

- Recollidas no artigo 2 da Orde de 12 de maio de 2011:
 - a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.*
 - b) Achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.*
 - c) Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.*
 - d) Colaborar co profesorado na elaboración de materias didácticos na lingua estranxeira correspondente.*
 - e) Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.*
 - f) Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.*
 - g) Calquera outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

4. Tendo en conta o contido "Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica":

Enmarque dito contido na área e no bloque ao que pertence.

- Área de comunicación e representación da realidade, bloque 3 "Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo".
- Non obstante, e dado o carácter globalizado da etapa, podería relacionarse tamén con outros bloques de contidos como "Aproximación á lingua escrita", e incluso coa área de crecemento en harmonía, co bloque o corpo e o control progresivo deste, relacionándose co desenvolvemento dos órganos dos sentidos e co desenvolvemento evolutivo.

Con que competencia o relaciona? Cales son os criterios de avaliación?

- Competencia en comunicación lingüística (CCL), a cal permite ao alumnado comprender e expresarse de forma eficaz en diferentes situacións e contextos, integrando comprensión oral, expresión oral e, progresivamente, comprensión e expresión escritas.
- Criterios: CA3.1. Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. CA3.6. Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.

Defina conciencia fonolóxica e cite os diferentes niveis.

- Definición segundo Marilyn Jager Adams (1990), unha das autoras de referencia na psicoloxía da lectura: *A conciencia fonolóxica é a capacidade para identificar, reflexionar e manipular intencionadamente as unidades sonoras da linguaxe oral, independentemente do seu significado*. Esta habilidade é **metalingüística**, é dicir, require tomar distancia da fala para analizar a súa estrutura sonora, algo esencial para a aprendizaxe da lectoescritura.
- Niveis da conciencia fonolóxica (avanza dende unidades máis grandes a máis pequenas):
 1. **Conciencia léxica**
 - Identificar palabras individuais dentro dunha frase falada.
 - Exemplo: saber que "O can corre" ten tres palabras.
 2. **Conciencia silábica**
 - Detectar, segmentar e manipular sílabas dentro das palabras.
 - Exemplo: saber que "ca-sa" ten dúas sílabas.
 3. **Conciencia intrasilábica**
 - Diferenciar **ataques** (sons iniciais) e **rimas** (parte final da sílaba).
 - Exemplo: en "sol", ataque = /s/, rima = /ol/.
 4. **Conciencia fonémica**
 - Nivel máis complexo: identificar e manipular **fonemas** (os sons máis pequenos da fala).
 - Exemplo: saber que "pan" está formado polos fonemas /p/ - /a/ - /n/.

- Pola súa banda, Emilia Ferreiro, xunto con Ana Teberosky, é unha das autoras de referencia no ámbito da psicoloxía da lectoescritura e o construtivismo. Aínda que Ferreiro non emprega sempre o termo "conciencia fonolóxica" de maneira técnica como fai Adams, si que aborda a idea dentro do proceso de construción do sistema de escritura. A súa visión está moi ligada á toma de conciencia das relacións entre a lingua oral e a escrita, o que inclúe recoñecer que a fala está composta por unidades máis pequenas que poden representarse graficamente.

Sendo titor/a dun aula de 6^o de Educación Infantil no 1^o trimestre, deseñe unha actividade para traballar dito contido a través das rimas con robots.

O ROBOT CAZARRIMAS DO SAMAÍN	
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> - 1^o trimestre, Orde de 8 de maio de 2025. - 2^a quincena do mes de outubro, centro de interese o Samaín
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer e asociar palabras que rimen relacionadas co vocabulario de Samaín mediante o uso de robots programables, favorecendo a discriminación auditiva. - Desenvolver a capacidade de segmentar e identificar unidades sonoras (sílabas e fonemas) en palabras de temática de Samaín, a través de xogos de percorrido con robots. - Mellorar a planificación e execución de instrucións secuenciadas para que o robot percorra un camiño de rimas, integrando TIC e aprendizaxe lingüística. - Fomentar a creatividade e a expresión oral mediante a invención de pequenas rimas ou versos curtos sobre elementos do Samaín ao rematar a actividade co robot. - Potenciar o traballo cooperativo e a resolución de retos nun contexto lúdico-festivo, utilizando o Samaín como motivación e os robots como ferramenta para acadar obxectivos lingüísticos.
Competencias clave	<p>Competencia en Comunicación Lingüística</p> <ul style="list-style-type: none"> • Discriminación auditiva e recoñecemento de rimas. • Segmentación de palabras en sílabas e fonemas. • Expresión oral creativa mediante rimas e versos curtos. <p>Competencia Dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso funcional de robots programables (<i>Bee-Bot</i> ou similares) como ferramenta de aprendizaxe. • Aplicación das TIC para resolver retos lingüísticos. <p>CAA – Competencia de Aprender a Aprender</p> <ul style="list-style-type: none"> • Planificación de pasos e estratexias para acadar un obxectivo. • Autocorrección e mellora das instrucións ao robot. <p>CSIEE – Competencias Sociais e Cívicas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo cooperativo, respecto polos turnos e valoración das achegas alleas. • Resolución de retos en equipo. <p>Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIEE)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creatividade na invención de rimas. • Toma de decisións sobre percorridos e secuencias. <p>Conciencia e Expresións Culturais (CEC)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participación en actividades vinculadas a unha tradición cultural (Samaín). • Creación de producións orais ligadas a unha festividade propia do contexto.

Metodoloxía	<p>A metodoloxía empregada nesta proposta baséase nun enfoque activo, manipulativo e lúdico, no que o alumnado é protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe. A integración de recursos de <i>Polos Creativos</i>, como os robots, permite vincular a experimentación tecnolóxica co desenvolvemento da conciencia fonolóxica, favorecendo a aprendizaxe significativa a través da exploración, o xogo e a resolución de retos. A ambientación no Samaín engade un compoñente emocional e motivador que incrementa a implicación do alumnado, facendo que a discriminación auditiva e o recoñecemento de rimas se traballen nun contexto cultural próximo e atractivo.</p> <p>Favorecerase o traballo cooperativo mediante a organización de pequenos grupos heteroxéneos, nos que o alumnado asumirá diferentes roles (programador/a, buscador/a de rimas, portavoz), fomentando así a colaboración, o respecto polas achegas alleas e a responsabilidade compartida. As actividades combinarán momentos de exploración libre con outros de aprendizaxe guiada, promovendo a planificación, a toma de decisións e a reflexión sobre o proceso seguido. Esta metodoloxía conecta co <i>Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA)</i>, ofrecendo múltiples medios de implicación, representación e acción/expresión, garantindo a participación e o progreso de todo o alumnado.</p>
Actividades	<p>"Percorrido da rima":</p> <ul style="list-style-type: none"> • En grupos, cada neno/a recibe unha tarxeta cunha palabra/imaxe de Samaín. Dependendo dos diferentes niveis psicomadurativos, algúns só terán a imaxe, outros só a palabra, outros ambas e alternaranse maiúsculas e minúsculas. • Deben programar o robot para que vaia ata a imaxe que rima coa súa (se teñen castaña, deberán ir ata a araña). • Ao chegar, todo o grupo di en voz alta as dúas palabras, reforzando a rima. <p>"Sílabas no camiño":</p> <ul style="list-style-type: none"> • No panel ou alfombra, colocaranse letras ou sílabas relacionadas coas palabras de Samaín ou con títulos de contos da época: <i>Corre, corre cabaciña, Camuñas, Un vampiro peligroso...</i> • O alumnado programa o robot para pasar polas sílabas da palabra que lle tocou, na orde correcta. • Ao final, di a palabra completa e repítea facendo palmadas por sílaba. <p>"Misión Rima Samaín":</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reto final en forma de xincana: cada equipo ten que completar 3 percorridos con robots, cada un con rimas diferentes. • Ao rematar, colocan todas as parellas de rimas nun mural de Samaín. • Gañan todos os equipos que logren completar a misión.
Avaliación (indícanse criterios e mínimos de consecución)	<p>1. Recoñecer palabras que riman</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ <i>Mínimos de consecución:</i> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica correctamente, cun 80% de acerto, pares de palabras que riman. ▪ Mostra capacidade de discriminar fonemas finais en palabras sencillas.

2. Planificar e programar un percorrido secuenciado co robot○ *Mínimos de consecución:*

- Programa o robot con instrucións secuenciadas de 3 ou máis pasos.
- Explica, verbalmente, o percorrido que vai realizar o robot antes de programalo.

3. Seguir, de forma cooperativa, instrucións de grupo○ *Mínimos de consecución:*

- Participa activamente e respecta o rol asignado dentro do grupo.
- Espera o seu turno e colabora sen intervención do docente.

4. Crear e verbalizar rimas curtas relacionadas co Samaín○ *Mínimos de consecución:*

- Inventa, de forma autónoma, un pareado ou verso curto cun elemento de Samaín.
- O pronuncia con entoación clara e respecto á métrica do pareado.

5. Utilizar os robots como ferramenta para resolver tarefas lingüísticas○ *Mínimos de consecución:*

- Usa o robot de forma autónoma para cumprir a misión lingüística proposta.
- Corrixe, de maneira autónoma, unha programación inicial que non lle permite cumprir o reto.

5. É vostede persoa coordinadora do Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares nun CRA formado por sete escolas situadas en diferentes localidades. No terceiro trimestre acordouse festexar unha actividade conmemorativa na que se reúnen tódalas escolas. Explique aqueles aspectos fundamentais para que a actividade se desenvolva dunha forma organizada e segura para a totalidade do alumnado.

- Un CRA é, seguindo o artigo 2 do Decreto 374/1996 é un centro educativo constituído pola agrupación administrativa de varias escolas de menos de 6 unidades, podendo estar situadas en distintas localidades, que comparten equipo directivo, proxecto educativo, programación xeral anual e recursos humanos e materiais. O obxectivo é optimizar os medios dispoñibles, garantir unha oferta educativa de calidade no ámbito rural e favorecer a coordinación entre as distintas unidades.
- O centro ten 7 unidades, polo que seguindo o artigo 53 do Decreto 374/1996, existe o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- As actividades complementarias son, seguindo a Orde de 22 de xullo de 1997 *aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes. Deberán figurar na programación xeral anual do centro.*

A participación do alumnado nelas é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ós alumnos que non participen nelas.

É o equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

- Resolución de 5 de xuño de 2025 pola que se ditan instrucións de inicio de curso: As actividades complementarias do curso académico deben basearse en propostas que complementen a actividade lectiva, cunha finalidade orientada a facilitar, profundar e/ou motivar aprendizaxes curriculares de maneira máis significativa. Ademais, o centro deberá garantir unha programación e distribución racional das actividades complementarias ao longo do curso, que non interfiran co desenvolvemento habitual das clases, evitando a concentración excesiva en determinados períodos, grupos ou cursos.

Todas as actividades complementarias deberán figurar na programación xeral anual (PXA) e, de ser o caso, de xeito moi excepcional, baixo premisas de motivación e coherencia co currículo, poderán realizarse actividades complementarias sobrevidas sempre e cando sexan aprobadas polo equipo directivo e se dea conta delas ao consello escolar e á Inspección educativa.

- Como coordinadora, debo xestionar o transporte do alumnado procedente das diferentes escolas. Así, debo contactar coa empresa de transporte para poder organizar a ruta de recollida e de volta do alumnado. Será fundamental a coordinación coa persoa que exerza a dirección do centro (ao ter o CRA 7 unidades, dirección asume as función de xefatura de estudos). Terei que solicitar a dirección un acompañante por cada unidade, seguindo así a ratio para saídas establecida na Orde de 22 de xullo de 1997, na súa corrección de erros.
- Levarase unha caixa de primeiros auxilios, seguindo o protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- As familias deben ser informadas a través de ABALAR da organización da actividade e recabarase a autorización para que o alumnado participe na actividade, así como para o uso de posibles imaxes que se tomen na actividade seguindo así o protocolo de protección de datos.
- No caso de que algún neno/a non teña autorización, dirección establecerá como se realizará a atención a dito alumnado.
- Será fundamental abordar nun claustro ou reunión do equipo docente na tarde de permanencia nas horas complementarias de permanencia no centro de Mestres/as a organización e en todo caso, remitir por escrito todo o preciso a través do correo electrónico corporativo.
- Avaliación: dita xornada de convivencia, coa súa valoración, debe ser reflectida na memoria final do centro, para que sirva de mellora para experiencias en futuros cursos.

- Importancia de realizar xornadas de convivencia nos CRA, dado que debido ao espallamento xeográfico, a interacción entre o alumnado vese máis reducida no día a día, malia que se poidan empregar ferramentas como "Escolas na Nube". En todo caso, estas convivencias van da man do Plan de Convivencia do Centro, e poderei coordinarme coa persoa coordinadora de benestar emocional do centro, seguindo a Orde de 23 de agosto de 2023.

6. Explique e enmarque lexislativamente o proceso para levar a cabo unha flexibilización dunha alumna da súa aula indicando os prazos, os documentos e as partes implicadas.

- Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou ampliación (neste caso) da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de NEE (este caso).
- O marco legal está recollido na Orde de 8 de setembro de 2021.

PROCESO:

- a) Solicitud de da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:
 - 1º. Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.
 - 2º. Informe psicopedagógico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.
 - 3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.
 - 4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.
 - 5º. Proposta de adaptación do currículo, conforme o establecido no artigo 55 desta orde.
- b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización, segundo o modelo que figura no anexo VII desta orde.

PRAZOS:

- MARZO, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.
- ABRIL, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.
- XUÑO, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que procedan e lles comunique ás direccións dos centros docentes, que deberán trasladarllelas ás persoas interesadas.

7. Indique cales son as modalidades de escolarización e explique brevemente.

Modalidade de escolarización	Descrición e artigo da Orde de 8 de setembro de 2021	Exemplo de centro público en A Coruña
1. Ordinaria	Escolarización en centros ordinarios con medidas ordinarias e extraordinarias para a diversidade educativa. Recóllese no art. 27 .	
2. Preferente (centro ordinario habilitado)	Centros ordinarios habilitados con recursos específicos para alumnado con NEE difíciles de atender. Regulada no art. 28 .	CEIP Enrique Salgado Torres (modalidade preferente, TEA)
3. Unidade de Educación Especial (aula específica)	Aulas específicas dentro dun centro ordinario para alumnado con NEE, con ratio reducida, incluíndo opción a tempo completo ou combinada, revisables periodicamente. Reguladas no art. 29 .	
4. Centro de educación especial	Centros exclusivos para alumnado que require adaptación curricular significativa e recursos excepcionais, con opción a escolarización combinada. Recollido no art. 30 .	CEE María Mariño, CEE Nosa Señora do Rosario (centros públicos de educación especial)
5. Modalidade combinada	Escolarización compartida entre centro ordinario (ou aula específica) e centro ou unidade de educación especial, con coordinación de tempos, profesorado e recursos. Art. 31 e 32.	